



Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto de construción: “Reforma da intersección do p.q 6+000 da AC-840 en Oza - Cesuras”, de clave: AC/18/137.06.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. No Diario Oficial de Galicia núm.7, do 13 de xaneiro de 2020, publicouse o Anuncio do 3 de xaneiro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: “Reforma da intersección do punto quilométrico (p.q.) 6+000 da AC-840 en Oza – Cesuras”, de clave: AC/18/137.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. A actuación obxecto do proxecto consiste na reordenación da intersección situada no p.q. 6+000 da estrada AC-840 (Betanzos- A Golada), mellorando as incorporacións dende o camiño de Carraceda á AC-840 e viceversa, para o que se proxectan carrís de aceleración e deceleración e dous carrís centrais de espera, permitindo deste xeito, todos os xiros a esquerda. Así, a solución proxectada ten como finalidade mitigar ou eliminar os actuais riscos e como consecuencia incrementar a seguridade viaria dos condutores.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública non se formularon alegacións.





FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.





Terceiro.- Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e aos efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de Expropiación Forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tralos informes e certificados presentados,

RESOLVO

Aprobar o expediente de información pública do proxecto construtivo: “Reforma da intersección do punto quilométrico (p.q.) 6+000 da AC-840 en Oza – Cesuras”, de clave: AC/18/137.06, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

